



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE COIRÓS PARA A MELLORA DE VIAIS RURAIS EN ESPENUCA E OUTROS.**

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Francisco Quintela Requeijo na súa condición de alcalde do Concello de Coirós, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.** A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

O Concello de Coirós non conta con grandes núcleos de poboación senón que a súa estrutura basease nos núcleos rurais, que se intercomunican a través da rede de viais rurais. Neste sentido, os viarios están moi deteriorados, nalgúns tramos case ruinosos pola falta de capacidade do concello para afrontar a conservación de toda a súa rede.

**Segundo.** O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

A rede viaria rural do Concello de Coiros é o soporte do sector primario municipal.

**Terceiro.** O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.





**Cuarto.** A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Coirós, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A rede de viais rurais obxecto deste convenio interconecta núcleos de poboación e vertebra o concello, sendo tamén é utilizada polo servizo do transporte escolar, servizos de urxencia médica e extinción de incendios. O mal estado dalgún tramo mesmo imposibilita o acceso a vehículos de evacuación sanitaria de urxencia. Consecuencia do seu estado e demostración da urxencia de actuar por razóns de seguridade viaria é que se rexistraron catro accidentes de tráfico por deslizamento e invasión da calzada polo mal estado do firme.

As obras proxectadas son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Nalgúns viais hai perda importante de material de base que pon en perigo a estrutura mesma da calzada.

Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria no acceso aos núcleos rurais xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Coirós ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Coirós para a mellora dos viais rurais, que constitúen unha infraestrutura fundamental para o soporte do sector primario municipal. Os once viais atópanse moi deteriorados, con fochas, socavóns, perda de firme e cunetas desmoronadas. Precísase acometer obras de mellora, conservación e mantemento da rede viaria municipal existente para garantir minimamente a seguridade viaria e dar soporte a servizos públicos básicos como o transporte escolar, a extinción de lumes ou a atención sanitaria. En concreto realizaranse as seguintes actuacións:

- Limpeza de cunetas a ámbolos dous lados e mellora do drenaxe de evacuación lonxitudinal de pluviais.





- Dotación de drenaxe de pluviais nos principais viais de acceso.
- Reforzo do firme nas zonas afectadas por fochas ou perda de materiais.
- Conservación do firme con tratamento asfáltico ou aglomerado asfáltico quente.

Detállanse o viais afectados polas obras:

- Vial 1. Acceso Espenuca alta. Presenta inundación por falta de drenaxe lonxitudinal e importante perda de material de base.
- Vial 2. Acceso a Merille. Tramo de intercomunicación Merille e Lesa con severo desgaste en zonas de pendente. É usado polo transporte escolar.
- Vial 3. Acceso a Lapela. Tramo de intercomunicación Lapela e Casela con abundantes fochas. É utilizado polo transporte escolar, evacuación sanitaria e rede de extinción de incendios.
- Vila 4. Acceso a Fontelo. Acceso ao depósito e ETAP de augas municipal e comunica co veciño Concello de Oza dos Ríos. Numerosas fochas na totalidade da calzada. O seu mal estado xerou varios incidentes con vehículos e maquinaria agrícola.
- Vial 5. Enlace Espenuca Buyo. Con importante perda de material de base e mesmo subbase.
- Vial 6. Acceso as Balsas. Pequeno tramo de 150 m lineais. Atópase en estado ruinoso por importante perda de material de base e subbase. Xa se produciron dous accidentes por deslizamento de tractor agrícola.
- Vial 7. Acceso Figueiras. Tamén da acceso á estrada N-VI. Presenta severo desgaste en zonas de gran pendente. Vial principal de transporte escolar.
- Vial 8. Acceso os Chas. Conexión coa N-VI. Polo seu uso intensivo presenta severo desgaste. É vial principal de transporte escolar.
- Vial 9. Acceso Coirós de Abaixo. Moi desgastado. Vial principal de transporte escolar, sistema sanitario e acceso a unha das zonas máis poboadas do concello.
- Vial 10. Acceso Lapela. Tramo de intercomunicación dos núcleos de Casela, Lapela e Coirós de Arriba con severo deterioro por uso intenso e falta de conservación.
- Vial 11. Enlace Falcona – Fontelo. Conta con dous subtramos en estado ruinoso, sen cunetas e con perda moi significativa de materiais na calzada. Producíronse varios incidentes por socavóns e arrastre de materiais cara curva da estrada N-VI e contabilizáronse dous deslizamentos de vehículos.

O orzamento de execución das actuacións estímase en **NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (99.812,33 €)**, IVE incluído.

## **SEGUNDA.- REQUISITOS**

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Coirós cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.





### TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Coirós obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
4. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
5. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
7. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

### CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS DOCE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (99.812, 33 €)** con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas do ano 2019.

### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.





Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Coirós xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2019. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de 2019.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen





os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Coirós, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

## **SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL**

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Coirós.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo aos seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

## **SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

## **OITAVA.- COMPATIBILIDADE**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

## **NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da







Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE.**

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2019 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas

O alcalde do Concello de Coirós

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle

Francisco Quintela Requeijo

